

# O Temporal

## viaxe á Illa
### parte II

A saida estaba prevista para o xoves , nun barco bateeiro : Luis , Santi , Henar , eu ; tamén Arturo , e o irmán Pepe , un rapaz de Medio Ambiente , o patrón e catro vultos ; pero o temporal do sur era tan forte que foi imposible partir . Era o Xoves Santo.

O venres amainou un pouco e , por fin saimos.

O rebasar a punta de Udra o mar presentouse en serio , baldeaba a cuberta de banda a banda arrastrando todo o que non estaba ben amarrado .

Neses momentos o medo , a inquedanza provócache unha especie de excitación que se confunde coa valentía.



Chegamos á Illa e despois dun difícil ,
e comprometido salto á terra , puxemos os pés
mollados no chan do peirao . por fín .



2

E difícil explicar a fascinación que
produce andar pola Illa valeira
baixo a ameaza da chuvia , o zoar do
vento e o mar batendo nos penedos ; os camiños sen
pisar , cheos de flores , as carrascas violetas , os
toxos e as xestas co seu arrecendo dulzón ....e o
salitre que se mete na pel

De fondo un profundo silenzo .



3

*Refuxiados nun cuberto dun campo de traballo deserto xantamos latas de pataghullos * e mexillóns en escabeche con pan reseso . Non hai cartos abondo no mundo para pagar eses almorzos.*

*(*)Alerigues.*



*Chân da pólvora*

*4*

*O domingo tiñamos prevista á volta no barco de pasaxe ,o "VILLA de MEIRA" , pero o mal tempo , outra vez , aprazou a saída ó luns , chovía tanto que pasamos todo o día na de Checho , e aí pintei algúns de estes apuntes.*

*Ese luns non fomos á clase.*



*5*